

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA DEZASETE DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Permuy
Dna. Raquel Caruncho Corral
D. José Simoes Couceiro
Dna. Yolanda Vázquez Busto.
Dna. Silvia Fornos Permuy.
Dna. Marta Pico Machado.

(abandona a sesión ás 09h48min, no transcurso do debate sobre o punto segundo da orde do día)

D. Javier Crespo Romeo.
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.
D. Andrés Pérez Pérez.
D. Antonio Salvadores Regueiro.
Dna. Ana Veira García.

Non asiste:

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora:

D^a. Silvia Lamelas Soto

No Concello de Ponte deume, a dezasete de marzo de dous mil dezaseis, as nove horas e cuarenta minutos, reuníronse no Salón de Plenos da Casa Consistorial, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, coa asistencia da señora secretaria e dos señores concelleiros e concelleiras relacionados á marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión extraordinaria urxente do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados e convocadas.

A señora secretaria verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasáronse a tratar os asuntos comprendidos na Orde do día.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O Sr. Alcalde-Presidente da a palabra á Sra. Secretaria da lectura á proposta de xustificación da urxencia que a continuación se transcribe:

"PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DE 17.03.2015 RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

A urxencia da celebración desta sesión Plenaria ven derivada do prazo establecido nas bases do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación da Coruña para a inclusión dos proxectos dentro do dito Plan provincial, tendo os Concellos que presentar as solicitudes ata as 14h do día 18 de marzo de 2016.

Ao anterior, débese sumar a recepción do proxecto por parte do Concello, o 9 de marzo, coa conseguinte necesidade de recabar e emitir informe por parte dos distintos departamentos municipais implicados no procedemento.

Por tanto, sométese a votación do Concello Pleno a ratificación da urxencia.

Ponte deume, 15 de marzo de 2016.

O Alcalde

D. Bernardo Fernández Piñeiro."



Desculpando a Presidencia a tardanza no inicio da sesión, motivada pola asistencia a unha xuntanza derivada do seu cargo de Alcalde e preguntando se alguén ten algo que dicir sobre a urxencia, toma a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG-Asembleas Abertas, D. Antonio Salvadores Regueiro, que considera que tendo existido unha planificación ao respecto do PAI, podería ter ido ao Pleno do mes de febreiro, ao tempo que tamén considera que se puido ter celebrado na tarde de onte, evitando así que coincidira coas ocupacións laborais dalgún concelleiro e concelleira.

Concluídas as interencións, sométese a proposta a votación, quedando RATIFICADA a urxencia por UNANIMIDADE dos concelleiros e concelleiras asistentes.

2.- PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. OBRA: RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DENDE O PORTIÑO ATA ANDURIÑA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

A Secretaria da lectura á proposta da alcaldía de data 14 de marzo de 2016, que se transcribe no seu literal:

"PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO.- PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO 2016. ACORDOS QUE PROCEDAN

Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016, de 30 de decembro de 2015 e as bases do devandito Plan publicadas no BOP nº 2 de 5 de xaneiro de 2016.

Visto que na devandita Circular comunicase a asignación do PAI 2016 ao Concello de Pontedeume por importe de 169.034,96 euros.

Vistos os informes do arquitecto técnico municipal de data 11/03/2016

Visto o informe da Secretaria Municipal sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 14/03/2016

Propónse ao Pleno a adopción do presente ACORDO:

PRIMEIRO.-"Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade, e aprobar o correspondente proxecto técnico: Proxecto de obra de "RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DENDE O PORTIÑO ATA ANDURIÑA", redactado polo Enxeneiro Autor do proxecto Miguel Nieto Matamoros, colexiado nº 16.879, con un orzamento xeral de 169.000,00 euros, presentado o día 9 de marzo de 2016, (RE nº 1475).

A) Invetimentos (obras ou subministracións)

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA	PRÉSTAMO
	TOTAL	MUNICIPAL	PROVINCIAL
Renovación da rede de abastecemento de auga dende o Portiño ata Anduriña	169.000,00 €	0	169.000,00 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TOTAL	169.000,00 €	0	169.000,00 €
--------------	---------------------	----------	---------------------

B) Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	0
Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	169.000,00 €
TOTAL	169.000,00 €

SEGUNDO.-Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas dispoñibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

CUARTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

QUINTO.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SEXTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

En Ponte deume, a 14 de marzo de 2016.

O Alcalde,

D. Bernado Fernández Piñeiro."

A Presidencia abre a quenda de intervencións indicando que a previsión era facer coincidir nun mesmo Pleno a aprobación do PAI 2016 co PXOM, mais o PXOM chegou onte e polo tanto, mañá venres terá lugar outra



sesión extraordinaria e urxente; ten feito unha proposta aos grupos para non cobrar unha das dúas sesións extraordinarias.

No caso concreto do asunto a incluír no Plan provincial obxecto de aprobación por este Pleno, considera, e cre que todas e todos estarán de acordo, en que é unha actuación urxente, debido ás sucesivas roturas que está a sufrir, todas as semanas, a condución da auga nas zonas sinaladas e ao longo de moitos anos, tendo esta actuación, por tanto, un carácter prioritario que, xunto co tramo incluído no POS 2015, dará unha solución definitiva ao problema da rede de abastecemento. Anuncia facilidades nas condicións do Plan.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo que confirma que considera moi importante a actuación. Dito isto, roga coordinación e puntualidade á Presidencia, por respecto a todas e todos, xa que considera un deber prioritario deste a atención ás funcións da Alcaldía. Solicita a celebración dos Plenos polas tardes, xa que considera que así pode asistir todo o mundo, facilitando a participación veciñal. Considera que se está a dar unha situación desordenada coa convocatoria dos Plenos extraordinarios.

Abandona a sesión a concelleira Dna. Marta Pico Machado.

O Sr. Crespo Romeo considera que dende o día 5 de xaneiro, data na que se publicaron as bases do PAI, púidose ter sometido o asunto ao pleno do mes de febreiro, polo que considera que o goberno non encargou en tempo o proxecto que entrou no Concello o día 9 de marzo, ademais de que non foron consultadas as distintas forzas políticas ao respecto de consensuar unha proposta de actuación. Indica que o Concello está a adoptar unha dinámica nova, onde o goberno está a introducir o "préstamo", que hai 8 anos que non se ten solicitado. Indica que existen outras fórmulas, sen acudir ao endebedamento, para xestionar axudas, considerando que a fórmula de financiamento a través do PAI non é unha fórmula de xestión axeitada. Remitíndose ás bases do Plan, considera que o Concello está a renunciar ao financiamento doutra actuación por non ter incluído algunha no Plan Complementario que se financiaría coas baixas resultantes do proceso de contratación pública. Conclúe reafirmando na falla de posibilidade de participación para coa decisión da actuación que se incluíu no Plan e anuncia a abstención do seu grupo.

Toma a palabra o portavoz do BNG-Asembleas Abertas, D. Antonio Salvadores Regueiro que se suma á afirmación feita da necesidade de acometer esta obra con carácter urxente, dadas as roturas que sofre a rede de abastecemento case a diario. Dito isto, cuestiona a labor das Deputacións, considerando que o que se está a facer dende a institución provincial é dar limosnas aos concellos, cando son cartos que veñen do Estado e que, neste caso concreto, non da limosna, se non que fai un préstamo coa única prevenda de ser sen xuros. Considera que o actual goberno está a hipotecar a gobernos futuros, xa que o prazo para a devolución dos cartos son dez anos.

O Sr. Salvadores conclúe defendendo que sexa a Xunta quen xestione este tipo de axudas aos Concellos e anuncia, pola importancia e necesidade da obra, o voto favorable do seu grupo.

Intervén a Presidencia que, en contestación ao dito polo portavoz do Partido Popular, considera que o proxecto non ten moito que "ler" e recorda que en anteriores mandatos, os Plenos extraordinarios celebrábanse polas mañás, ás nove da mañá; indica que a asistencia do público polas mañás é a mesma que polas tardes, sendo o público sempre as mesmas persoas. Afirmo que, do tempo en que se decidiu o proxecto a executar, o tempo que levou redactar o proxecto foi o necesario. Destaca a existencia do proxecto e considera que o PP non está en posición de reclamar participación xa que durante o seu goberno non se deu opción algunha de participación. Defende a actuación por se tratar dun servizo básico altamente deficitario, así como o sistema para a súa financiación pola urxencia do asunto. Considera contraditoria a acusación do PP de non incluír ningunha actuación no Plan complementario, cando se está a manifestar en contra do endebedamento do Concello. Fai a comparativa entre a economía do concello e a economía familiar, asumindo como positivo o endebedamento para dar cobertura a grandes necesidades, neste caso, garantir un servizo básico.

Intervén o portavoz do BNG-Asembleas Abertas para dicir que está de acordo co PP para coa realización dos Plenos polas tardes. Considera que se puido ter apurado algo máis o proxecto.

De seguido prodúcese un debate ao respecto das Deputacións e da súa utilidade fronte á Xunta e ás competencias dunha e doutra.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Unha vez rematado o turno de debate sométese a proposta a votación, resultando **ADOPTADO** o **ACORDO**, por **8 votos a favor** dos seguintes concelleiros e concelleiras do PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Silvia Fornos Permuy; e do do BNG-AA (2): D. Antonio Salvadores Regueiro e Dña. Ana Veira García **3 abstencións** dos representantes do PP: D. Javier Crespo Romeo, Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez e, do seguinte teor literal:

PRIMEIRO.-Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade, e aprobar o correspondente proxecto técnico: Proxecto de obra de "RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DENDE O PORTIÑO ATA ANDURIÑA", redactado polo Enxeneiro Autor do proxecto Miguel Nieto Matamoros, colexiado nº 16.879, con un orzamento xeral de 169.000,00 euros, presentado o día 9 de marzo de 2016, (RE nº 1475).

C) Investimentos (obras ou subministracións)

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Renovación da rede de abastecemento de auga dende o Portiño ata Anduriña	169.000,00 €	0	169.000,00 €
TOTAL	169.000,00 €	0	169.000,00 €

D) Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	0
Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	169.000,00 €
TOTAL	169.000,00 €

SEGUNDO.-Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas dispoñibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



TERCEIRO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

CUARTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

QUINTO.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SEXTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

REMATE DA SESIÓN.

E non habendo máis asuntos que tratar o alcalde remata a sesión, sendo as dez horas e cinco minutos do expresado día "ut supra".

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura do alcalde e da secretaria, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano e a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

A Secretaria

D^a Ana Ramos Ramos

V. e Pr.
O alcalde,

D. Bernardo Fernández Piñeiro